

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 8 DE FEBREIRO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día oito de febreiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 1 de febreiro de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e de licenza de obras para planta de biometanización e aproveitamento enerxético de subprodutos gandeiros de 500 Kw en Santiago de Saa.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo decreto 29/2010, do 4 de marzo, nos parágrafos I.B.3.1.1., I.B.3.1.2. e I.B.3.1.3, para a actuación de instalación dun ascensor en edificio existente, sito na rúa Río Cabe, número 46.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela sita no núcleo rural tradicional de Conturiz+San Amaro+Castro, parroquia de Santo André de Castro, cunha superficie de 3.233,50 m², e con tres edificacións destinadas a edificación a: uso recreativo segundo o proxecto (licenza 189/85 para nave agrícola); edificación B: uso vivenda (licenza 315/80) e edificación C: uso almacén, que se segrega en dúas parcelas coas seguintes superficies: parcela 125-1, con 1.611,00 m² na que queda a edificación a, e parcela 125-2, con 1.622,50 na que quedan as edificacións B e C e para instalación de ascensor no edificio sito en solo urbano, na rúa Lamas de Prado, número 172.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito a Deporte se a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda a aprobación de bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de arquitecto/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre.

Así mesmo, acordase a aprobación de bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de arquitecto/a técnico/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre.

Dom esmo xeito, acordase a formalización de contrato laboral fixo de dous celadores de colexio público do Excmo. Concello de Lugo.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a execución da opción de compras dos seguintes contratos: tractor cortacésped, equipos de servidores e sistemas de almacén centro proceso de datos.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase a declaración de caducidade do expediente de resolución do contrato incoado en data 26 de outubro de 2011 no contrato para a subministración de pezas de uniforme e complementarios para a Policía Local así como a nova incoación de expediente de resolución do contrato.

Lugo, 13 de febreiro de 2012
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García